

Aspectos organizativos, criterios de corrección e instrucións para a realización do segundo exercicio

Reunido o día 23 de outubro de 2024 o tribunal das probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade electrónica, do grupo III, pola quenda de acceso libre (Resolución do 03 de xuño de 2024, D.O.G. do 12.06.2024), da Universidade de Santiago de Compostela, de cara a realización do segundo exercicio, acordou:

PRIMEIRO. Publicar os seguintes ASPECTOS ORGANIZATIVOS:

- Se as circunstancias así o requiren, unha parte dos membros do tribunal poderá asistir ao desenvolvemento do exercicio a través de medios electrónicos.
- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás **10:00 horas do día 17 de xaneiro de 2025, diante da aula de conferencias do edificio CACTUS do Campus de Lugo.**
- Tal e como indica a convocatoria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra H.
- As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar o exercicio co DNI ou con outro documento que, a xuízo do tribunal, permita acreditar de forma indubidable a súa identidade.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de:
 - Bolígrafo de cor azul ou negro
 - Lapis número 2
 - Goma de borrar
 - Calculadora non programable
- O tribunal proporcionará ás persoas opositoras o cuestionario de preguntas (versión en galego e versión en castelán), a folla de exame (formulario de respostas) e as instrucións para a realización do exercicio.
- A hora de inicio e remate do exercicio será indicada polo tribunal.
- A duración do exercicio será de **95 minutos**.
- As persoas aspirantes poderán abandonar a aula unha vez transcorridos os primeiros 60 minutos desde o inicio do exercicio.
- No momento da entrega do exercicio, as persoas aspirantes poderán levar o cuestionario de preguntas e a folla autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo).

- O tribunal entregará, unha vez finalizado o tempo establecido para o exercicio, un documento coas respostas correctas, que tamén fará público na páxina web das convocatorias de PAS da USC.
- O tribunal resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do exercicio.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio para quen o precise. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico á secretaria do tribunal (alejandra.carreno.rodriguez@usc.es).

SEGUNDO. Publicar os CRITERIOS DE CORRECCIÓN e as INSTRUCCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO EXERCICIO:

- O exercicio consistirá en contestar por escrito un **cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva**, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figuran no programa que se relaciona no anexo II da convocatoria.
- As preguntas de reserva, numeradas da 91 á 95, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puideran ser anuladas no caso de estimarse algunha reclamación sobre elas.
- As preguntas incorrectas ou non contestadas non penalizarán.
- O exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas, que supón unha valoración de **15 puntos**.
- A folla de exame é de uso xeral na Universidade. Neste exame as persoas aspirantes deberán:
 - Completar con bolígrafo de cor azul ou negro a sección de identificación persoal da parte superior da folla de exame, que será separada polo tribunal no momento da entrega do exercicio.
 - Marcar únicamente dende o número 1 ao 95, que corresponden ao número de preguntas do exercicio e ás cinco preguntas de reserva.
 - Sinalar con lapis número 2 as respostas correspondentes ás letras A, B ou C, que son as tres opcións que figuran para cada unha das preguntas.
- No caso de que as persoas aspirantes desexen corrixir unha resposta, deberán borrar completamente as marcas erróneas (debe terse en conta que a folla de exame é autocopiativa).
- Para garantir o anonimato non se permitirá ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación; de facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.
- As persoas aspirantes teñen a obriga de entregar a folla de exame do exercicio, sendo esta o único documento acreditativo das respostas marcadas a efectos da súa cualificación.
- Serán causas de exclusión do proceso selectivo:
 - Abrir o cuestionario de preguntas ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o tribunal, así como continuar escribindo unha vez que se indique o remate do tempo do exame.
 - Utilizar dentro da aula teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo de almacenamento de información ou con capacidade de comunicación. Durante o desenvolvemento do exercicio, estes dispositivos deberán permanecer apagados.
 - Falar, copiar ou intercambiar información co exterior ou con calquera persoa participante no proceso.

- Consonte coa base 6.8 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán, no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte á realización do exercicio, presentar reclamacións ás preguntas do correspondente exercicio.

O presente acordo publicarase no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>), na páxina web das convocatorias de PAS da USC (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>) e no lugar de realización do segundo exercicio (aula de conferencias do edificio CACTUS do Campus de Lugo).

En Lugo, na data de sinatura electrónica

O presidente do Tribunal
Xosé Ramón Fernández Vidal

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOSE RAMON FERNANDEZ VIDAL, NIF ***0927**, 10/01/2025 11:01:31.

CSV: 8E97-7D8F-4BAB-9563